



iruseu ville
Iria Fafián

Unha exposición de
caixas de luz interactivas

1 de xuño-10 de xullo 2019
MUSEO ETNOLÓXICO

Rúa Santiago, 10. Ribadavia, Ourense.

MARTES A SÁBADOS DE 10:00 A 16:00H

(FESTIVOS PECHADO)

Foto: Andrea Rodríguez

UN CONTO A TER EN CONTA

Irusu Ville é un lugar misterioso... Non se sabe canta xente vive. Tampouco se sabe onde está, nin como chegar, e quenes o visitaron non souberon explicar o que viron.

O único que se sabe a ciencia cierta é que hai que tomar o camiño da esquerda. Os máis valentes entran sós, pero dín que é mellor ir cunha persoa de confianza ao lado. Sexa como sexa, sempre en pequenos grupos, e tede en conta que xamáis debes separarvos uns dos outros. Calquera movemento brusco ou persoa despistada podería entolecer a todo o pobo, e as consecuencias disto aínda non se coñecen...

A OBRA

Irusu é unha palabra xaponesa que define a situación na que unha persoa simula a súa usencia cando alguén chama á porta... Irusu Ville recrea un ambiente misterioso onde os visitantes, dende un punto de vista privilegiado, poderemos ver e oír case todo o que está a acontecer.

A premisa desta proposta expositiva é expandir os límites da ilustración mediante a creación de imaxes que transpasen o marco bidimensional, coa intención de sumerxir ó espectador na atmósfera das imaxes.

A instalación consiste nun percorrido por catro caixas de luz interactivas onde que mistúranse elementos que non son propios do debuxo como a tridimensionalidade, a luz, o son, o tempo.

A AUTORA // Iria Fafián (Barcelona, 1988)

Iria estudou Belas Artes, especializándose en ilustración e artes gráficas. Actualmente diversifica o seu traballo entre o muralismo e a ilustración editorial. Na súa obra persoal vemos unha marcada influencia de artes orientais, tanto a nivel estético coma filosófico. Conceptos da pintura china, o mundo do Ukiyo-e xaponés, o teatro kabuki, o kamishibai e os relatos fantásticos da mitoloxía xaponesa inspiran moitas das súas creacións. No seu proceso creativo sempre está presente a investigación a nivel gráfico e a búsqueda dalgún resultado sorprendente. Irusu Ville é o seu último proxecto expositivo, no que traballou conxuntamente con Borja Freire, quen fixo o deseño sonoro e toda a parte electrónica.

Comisariado da exposición: UKP Day

Colabora: